

## CONSTITÚESE A COMISIÓN NEGOCIADORA DO XXIII CONVENIO COLECTIVO DE BANCA

Unha vez denunciado o anterior Convenio por parte dos sindicatos asinantes, CCOO e UGT, o pasado 14 de xaneiro constituíuse a Comisión Negociadora do XXIII Convenio de Banca. Na mesma CCOO ostenta a maioría absoluta seguida de UGT, CIG, ELA ZERBITZUAK e LAB.

Por iniciativa de CCOO, referendada polo resto de organizacións sindicais presentes na comisión negociadora, comprometémonos a actualizar os datos de representación sindical en función dos resultados electorais que se obteñan o próximo día 11 de Febreiro.

### Representación sindical a Enero/2015

ORGANIZACION	REPRESENTACION	MIEMBROS EN MESA
CCOO	58,66%	8 representantes y 1 asesor
UGT	33,92%	4 representantes y 1 asesor
CIG	3,55%	1 representante y 1 asesor
ELA	2,53%	1 representante y 1 asesor
LAB	1,34%	1 representante y 1 asesor

A seguinte reunión da comisión negociadora fixarase unha vez concluído o proceso electoral, con posterioridade ao 12 de Febreiro próximo.

Aínda que CCOO aposta porque este sexa un convenio de normalización (o groso da reestruturación do sector parece feito, aínda que aínda hai movementos importantes, as esixencias de capital impostas por Basilea III cúmprense de xeito folgado nas entidades españolas e as previsións económicas xerais parecen mellorar), non debemos minimizar os obstáculos que teremos que sortear neste proceso de negociación. É un feito que o escenario legislativo actual, lamentablemente dá preeminencia ás empresas fronte aos traballadores e traballadoras e iso obriga aos sindicatos a facer o dobre de esforzo.

**Por iso, nas próximas eleccións, é crucial que a correlación de forzas siga permitindo a CCOO liderar a negociación de cara a:**

- ❖ Conseguir incrementos salariais netos garantidos e non vinculados ao IPC senon ao propio acordo de Convenio.
- ❖ Obter garantías de emprego, tendo en conta que aínda poden producirse procesos de fusión, absorcións, compras, etc.
- ❖ Afondar en medidas de conciliación e igualdade, que son as que máis sufriron no escenario de crise que padecemos.
- ❖ Avanzar en medidas que favorezan a carreira profesional.
- ❖ Preservar os dereitos adquiridos e as garantías sociais en caso de que continúen producíndose operacións societarias, tales como compras, fusións, adquisicións de partes das empresas, etc.



**Es tiempo de avanzar**  
**Es tiempo de un buen convenio**